

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de escrita dramática
DISCIPLINA	Escrita dramática III
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	
CURSO	2º (1º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Joan Giralt-Bailach
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Joan Giralt-Bailach</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho: Dirección escénica e dramaturxia</p> <p>Contacto: joangiraltbailach@edu.xunta.gal</p>
DESCRIPCIÓN	Práctica da escrita de textos dramáticos, segundo o modelo dramático clásico (peza máquina, peza «ben feita»,...), na cal se integran os procedementos e os coñecementos adquiridos. Experimentación na complexidade dos procesos poético-productivos e da planificación dos procesos estético-receptivos. Adestramento nos métodos de traballo. Valoración e crítica dos resultados e da metodoloxía de traballo para a produción de sentido e para a construción da recepción.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Escrita dramática II
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECIFICAS DA ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Ordenar e sistematizar os procesos de creación dramática de xeito coherente e fundamentado.	T3. T8. T9. T12. T13. X3. X5. X6. ED1. ED3. ED5.

2. Adestrarse na adquisición de estímulos para a creación.	T9. T16. T17. X7. X8. ED1. ED5.
3. Desenvolver proxectos de escrita explorando modalidades, estilos e procedementos diversos.	T3. T8. T9. T10. T12. T13. T17. X3. X4. X5. X6. X7. X8. ED2.
4. Explorar a efectividade na recepción das propostas de escrita.	T3. T8. T9. T10. T12. T13. T17. X3. X4. X5. X6. X7. X8. ED2.
5. Investigar as capacidades, necesidades e tendencias propias.	T3. T8. T9. T13. X3. X5. X6. ED5
6. Dominar a composición, os procedementos e os mecanismos de coherencia dun texto ou partitura para un espectáculo escénico.	T3. T8. T9. T10. T12. T13. X3. X4. X5. X6. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.
7. Compor textos dramáticos para espectáculos dunha duración estándar, controlando o seu desenvolvemento eficaz.	T3. T8. T9. T10. T12. T13. T17. X3. X5. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.
8. Proxectar e realizar a escrita dun texto de creación propia seguindo unhas premisas e restricións concretas.	T3. T8. T13. T16. T17. X3. X5. X6. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Exploración práctica de estímulos e puntos de partida. Orientacións na procura dunha escrita singular.	1.1 Puntos cardinais (eu; mundo; imaxinario; linguaxe). 1.2 Escrita sen definición previa: o corpo do acontecer. 1.3 Escrita con plan previo: corpus de acontecementos. 1.4 A formación da palabra dramática na procura das voces. Direccionalidade, enderezo e interpelación. 1.5 A procura dos instantes e da estrutura. Os inesperados e o principio compositivo. 1.6 Espazos ficcionais e dispositivos escénicos.	3 h
2. O proxecto de escrita nos sistemas formais de creación.	2.1 Sistemas formais no proceso de escrita: narrativo, asociativo, abstracto, persuasivo e categórico. Obxectivos e procedementos. 2.1.1 Sistema narrativo. Acontecementos a referir. O encadeamento causal e as alternativas. 2.1.2 Sistema asociativo. Sensacións e emocións a suxerir. A xustaposición. 2.2 A planificación das fases do proceso. 2.3. Fundamentación poética da peza.	3 h
3. Eixos dramaturxicos na formalización da estrutura.	3.1 Palabra-acción e/ou instrumento da acción. Materialidade. 3.2 Acción unitaria/Acción plural. Continuidade e fragmentación. 3.3 Encadeamentos/Xustaposicións. Montaxe/Collage/Ensamblaxe. 3.4 Situación. Acontecementos. Devir. 3.5 A distribución do saber narrativo. Informacións, erros, eivas e desfases. 3.6 Redes e motivos temáticos. Ideas e contraideas. 3.7 Personaxes, Figuras. Actuantes. 3.9 Graos de ficcionalidade. As irrupcións do real.	12 h

4. Procedementos e mecanismos na formalización dos instantes.	4.1 O despregamento da dialoxidade 4.1.1 O reparto das voces. 4.1.2 Coralidade. Polifonía. 4.1.3 Dialogos conversacionais e non conversacionais. 4.1.4 Diálogos narrativos e didascálicos. 4.1.5 Xogos fonéticos e rítmicos. Repeticións e variacións. 4.2 O despregamento da temporalidade 4.2.1 Xogos de soño 4.2.2 Despregamento dos posibles incompatibles. 4.2.3 Xogos de retrospeccións e anticipacións. 4.3 Modelos espaciais. Cronotopos. Dispositivos escénicos.	12 h
5. As formas dos finais.	5.1 Resolución e clausura. 5.2 Peche. Amortecemento. 5.3 A chegada do sentido.	3 h
6. A construción da recepción. (Tema transversal)	6.1. Os movementos e os xogos da peza. 6.2. O control das expectativas e a distribución do saber narrativo. 6.3. Análise da consecución dos efectos previstos. 6.4. O tipo de relación prevista na recepción.	6 h
7. A análise e avaliación no proceso de reescrita. (Tema transversal)	7.1. A análise dos diferentes niveis de composición. 7.2. A análise de mecanismos de coherencia textual. 7.3. A formulación de solucións alternativas. 7.4. A reescrita.	6 h
TOTAL SESIÓNS		45 h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	3		3
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	11	12	23
Práctica individual	14	30	44
Práctica colectiva	14		14
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			

Titorías individuais		3	3
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión	3		3
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exercicios breves na aula.	Improvisacións, impromptus, xogos de escrita. Adestramento da escrita.
Exercicios semanais arredor dos contidos do temario.	Desenvolvemento dos temas coa práctica de exercicios parciais. Traballo autónomo. Práctica dos eixos dramáticos, procedementos e mecanismos a incorporar na escrita da peza propia. Os textos resultantes pódense aproveitar como matriz ou material fragmentario do proxecto de peza final.
Lectura e análise dos exercicios.	Presentación dos exercicios na aula. Análise da recepción. Orientacións para a reescrita.
Reflexión dramática.	Lectura de artigos teóricos que acompañan a introdución aos temas. Lectura de escenas que exemplifican os contidos.
Escrita dunha peza.	Desenvolvemento dunha peza considerando os factores que a dotan dunha estrutura sólida e dunha coherencia obxectivable. Determinar os puntos de partida, os estímulos, os materiais compositivos, os referentes. Determinar a relación que establecerá coa recepción. Determinar os temas. Determinar as intencións e obxectivos. Determinar as consideracións espazo-temporais, así como a tipoloxía de accións e o(s) xeito(s) no(s) que se desenvolverán, a(s) estética(s), o(s) estilo(s), o(s) xénero(s), o ritmo, etc. O alumnado deberá expoñer periodicamente os avances na escrita da peza someténdose á análise crítica das/os compañeiras/os, moderadas/os e guiadas/os polas apreciacións e correccións docentes. En función disto poderá proceder a súa reescrita. A peza rematada deberá acompañarse cun ensaio no que se reflexione sobre a poética da composición e a praxe da escrita.
Lectura pública.	Mostra pública dos textos resultantes ou de fragmentos da peza composta.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario	T3. T8. T9. T10. T12. T13. T17. X3. X4. X5. X6. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	5%
Exercicios de análise sobre a lectura de textos teatrais e outros materiais.	T3. T8. T12. T13. T17. X3. X4. X5. X8. ED1.	10%
Exercicios semanais de escrita e composición.	T3. T8. T9. T10. T12. T13. T16. T17. X3. X4. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	20%
Exercicio final de escrita e composición. Texto completo e rematado.	T3. T8. T9. T10. T12. T13. T16. T17. X3. X4. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	50%
Exercicio práctico de carácter reflexivo-teórico sobre a poética e a peza da peza propia.	T3. T8. T9. T10. T12. T13. T16. T17. X3. X4. X5. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	15%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proba escrita: exercicios de análise e composición que implican todos os contidos do curso.	T3. T8. T13. T17. X3. X4. X5.. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	50%
Presentación dunha peza dramática propia, seguindo os contidos e as orientacións do docente, xunto a unha reflexión sobre a poética.	T3. T8. T13. T17. X3. X5. X6. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	50%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
-------------------------	------------------------	-------------

Proba escrita; exercicios de análise e composición que implican todos os contidos do curso.	T3. T8. T13. T17. X3. X5. X6. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	60%
Presentación dunha peza dramática propia, seguindo os contidos e as orientacións do docente, xunto a unha reflexión sobre a poética.	T3. T8. T13. T17. X3. X5. X6. X7. X8. ED1. ED2. ED3. ED5.	40%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

Battle, Carles (2020): *El drama intempestiu. Per una escritura dramàtica contemporània*, Barcelona, Institut del Teatre/ Angle Editorial.

Ryngaert, Jean-Pierre, dir. [2005] (2013): *Nuevos territorios del diálogo*, México DF, Paso de Gato.

Ryngaert, Jean-Pierre; Julie Sermon [2006] (2016): *El personaje teatral contemporáneo: descomposición, recomposición*, México D.F., Paso de Gato.

Sanchis Sinisterra, José (2017): *Prohibido escribir obras maestras: taller de dramaturgia textual*, Barcelona/Ciudad Real, Institut del Teatre de Barcelona/Ñaque.

Sarrazac, Jean-Pierre [2012] (2019): *Poética del drama moderno*, Bilbao, Artezblai.

Sarrazac, J.-P., dir. [2005] (2013): *Léxico del drama moderno y contemporáneo*, México, Paso de Gato

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

Carnevali, Davide (2017): *Forma dramática y representación del mundo en el teatro contemporáneo*, Ciudad de México/Barcelona, Paso de Gato/Institut del Teatre.

Cormann, Enzo (2020): "De la coopérative dramatique comme arme de "combat entre soi", en *Pensée plurielle, écritures singulières. Pédagogie critique et collective de l'écriture dramatique*, Besançon. Les Solitaires Intempestifs.

Sarrazac, Jean-Pierre (2011): *Juego de sueño y otros rodeos: alternativas a la fábula en la dramaturgia*, México DF, Paso de Gato.

Vinaver, Michel [1993] (2015): "Escrituras dramáticas: método para abordar el texto teatral", en VV. AA., *Antología de teorías teatrales: el aporte reciente de la investigación en Francia*, Bilbao, Artezblai.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS